

17 as telleiras de CASTRELO (Cambados)

TELLEIRA DOS LORENZO

Na punta de Bico da Ran. Propiedade dos Irmáns Xosé e Santiago Lorenzo, do Couto de Abaixo. Mandouna facer o bisavó dos propietarios e deixou de traballar arredor de 1972. Tiña cuberta de tellado móbil e pallete semicircular. Na actualidade consérvanse restos do forno e do embarcadiro.




1953



1983



2008




1984

TELLEIRA DE GONZÁLEZ

Estaba no Bico da Ran no lugar ocupado hoxe por unha planta de acuicultura. Desfíxose en 1985. O forno tiña cuberta en cúpula e estaba unido por un tiro subterráneo de 60 m de lonxitude a unha cheminea. Tiña dous embarcadiros.



Telleira de González. Imaxe de 1982.



Detalle do interior do forno. 1984

TELLEIRA DOS MOLEDO

Está no interior do recinto da fábrica de ladrillos. Foi construída hai uns 95 anos polos Moledo, unha familia procedente de A Guarda. Deixou de traballar en 1960 ao intalarse a fábrica. Conserva o forno rematado nunha cheminea.



2008




1984

No lugar do Couto houbo outras telleiras actualmente desaparecidas: no Fonteiro, no Francón e no Couto de Abaixo. A dos Chións e a dos Calixtos estaban no espazo que ocupou a fábrica, e desfíxéronse ao construíla.



Imaxe antiga dun grupo de traballadores das telleiras no Couto de Abaixo. Detrás á dereita a telleira dos Chións e á esquerda a cheminea da telleira dos Moledo.



1984